

## Comunicado

Benquerida familia Máis que Auga,

Trala última orde publicada no Diario Oficial de Galicia e a solicitude de aclaracións á Xunta de Galicia sen resposta, a situación actual é a seguinte: **Dende o sábado 7 de novembro continuarán todas as actividades como ata agora, coas adaptacións que se marcan no DOGA do pasado 4 de novembro, coa única excepción dos cursos de pádel adultos, que non poderán continuar ata que rematen estas restricións (4 de decembro).**

Isto quere dicir que se **manterán os cursos de natación e as clases de dirixidas, onde todos os participantes realizan un traballo individual, sen interacción co resto de asistentes, mantendo a distancia interpersoal durante o desenvolvemento da actividade e co uso obrigatorio da máscara en todo momento na instalación.**

A maior parte dos cambios terán lugar no **pádel**, onde se xogaba sen máscara. **Para a reserva de pistas, a partir de agora o xogo será de un contra un, salvo que os participantes sexan deportistas federados, ou parellas convivintes.** Os cursos de pádel de nenos/as continuarán con normalidade, coa novidade de ser necesario o uso da máscara como no resto da instalación, e só se paralizarán, como dicíamos antes, os cursos de adultos. **Por suposto, compensaremos a todas as persoas afectadas ás súas clases en próximas remesas, polo que POR FAVOR NON É NECESARIO SOLICITALA BAIXA, e non volveremos pasar unha cota ata que estea restablecido o servizo con normalidade.**

Esta é a situación nestes intreos, o cal no quere dicir que nas próximas horas ou días isto se modifique, porque o certo é que non estamos a recibir normas específicas para o noso modelo de instalación por parte da Xunta de Galicia, o cal nos obriga a interpretar o escrito.



## *Comunicado*

Dende Más que Auga queremos deixar moi claro que para a empresa o fundamental é a seguridade, tanto dos nosos usuarios como da nosa plantilla, e por iso dende o inicio desta pandemia adoptamos todas as medidas de seguridade necesarias e asumimos as restricións marcadas polas autoridades sanitarias para facer fronte á COVID-19. E isto é o que faremos unha vez máis, a pesar de que **os datos avalan que os centros deportivos son seguros. Nestes 200 días que levamos abertos, non tivemos nin un so contaxio interno e iso é posible grazas ao compromiso da empresa, dos seus profesionais e da responsabilidade individual dos usuarios.** Por todo iso, non podemos estar máis que agradecidos.

Tamén queremos insistir en algo que nos parece moi importante: **O deporte é fundamental para facer fronte a esta alarma sanitaria.** Somos moi conscientes da complicada situación que estamos a vivir, e precisamente por iso, sabemos que o deporte é parte da solución. Nestes intres de incerteza é máis necesario que nunca que o noso sistema inmunitario estea moi forte para facer fronte aos virus, e o deporte é unha das armas que temos para fortalecelo.

Despedímonos recordándovos que somos unha familia e así, unidos e fortes, sairemos adiante desta complicada situación, que está a poñer a proba a resistencia de todos. Pero recordade, queremos vervos cada día nas nosas instalacións e para iso tedes que coidarvos ao máximo, cumprir as normas de prevención establecidas e seguir facendo deporte!

#ContadeConNós porque #ContamosConVós agora máis que nunca!

*Vigo, 6 de novembro de 2020*